

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 17/01/2019 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Solicitude de subvención da Asociación de cans deportistas (ACADE) para a celebración da proba da liga galega de mushing terra ‘Mushing nos montes de Toén e Barbadás’ (Exp. 44/2019)

Dáse conta da instancia presentada por Patricia Diéguez Ares, en nome e representación da Asociación de cans deportistas (ACADE), con CIF G70135660, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a celebración da proba da liga galega de mushing terra ‘Mushing nos montes de Toén e Barbadás’, que vai ter lugar o vindeiro día 27/01/2019 en Toén.

A achega económica do concello farase baixo a modalidade de concesión directa prevista nos artigos 22.1.c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Toén. O alcalde xustifica a concesión directa no interese público e social que supón a colaboración do Concello na celebración dunha actividade lúdico/deportiva como a solicitada, que vai a transcorrer en parte por territorio deste municipio, en concreto na estrada Moreiras-Mugares.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005; a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 02/07/2015 (BOP nº 168, do 23/07/2015), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de cans deportistas (ACADE) unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.3 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello, polo interese público e social da actividade subvencionada, polo importe de 350,00 €, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento municipal do exercicio 2019. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos de celebración da proba da liga galega de mushing terra ‘Mushing nos montes de Toén e Barbadás’, que vai ter lugar o vindeiro día 27/01/2019 en Toén. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.



TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais nun prazo inferior a tres meses dende a realización da actividade a conta xustificativa que conterá a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento.*
- ✓ Declaración subscripta polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtivesen para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- ✓ Declaración xurada acreditativa de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social.*

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde.

Documento asinado electronicamente na marxe